

**Acta núm. 11/2018.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 10 de xullo de 2018**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Non asiste: José Luis Sampedro Bouzas.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 10 de xullo de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 21 de xuño de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenza de obra maior.
- 4º.- Vado permanente (baixa).
- 5º.- Rogos e preguntas.

**PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 21 DE XUÑO DE 2018.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 21 de xuño de 2018, acta núm. 10/2018.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por MANUEL SANCHEZ PATRON, con domicilio no Lugar do Rial- Os Ánxeles, na que comunica que vai demoler dúas edificacións auxiliares destinadas a almacén e emprazadas nunha parcela (8441901NH2484S0001PY). sita no lugar de o Rial, Os Ánxeles, tendo as mesmas as seguintes superficies construídas:

- a.- 26,50 m<sup>2</sup>
- b.- 36 m<sup>2</sup>.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro de solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FABIOLA JUNCAL GUERRA, con domicilio en Bastavaliños nº 24- Bastavales, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta de 32 m<sup>2</sup> nunha parcela sita en Bastavaliños 24-Bastavales, na que xa existe unha edificación cunha superficie ocupada en planta de 564 m<sup>2</sup>.

A piscina estará situada, segundo plano anexo á solicitude, a 3 m. mínimo dos lindeiros.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre ámbito de solo de núcleo rural (NRL-2) e se atopa dentro do ámbito de protección da aldea de Bastavaliños, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM (clave identificativa XBE11).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21/06/2018 (expte 566/18), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.  
Xíraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA GOMEZ MAROÑAS, con domicilio en Soigrex n° 34 – Os Ánxeles, na que comunica que vai encintar e limpar un muro de pedra de aproximadamente 20 m<sup>2</sup>, sen modificar a súa altura e situación, na parcela con referencia catastral 6742801NH2464S0001UZ sita en Soigrex n° 34- Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, sendo de aplicación a ordenanza n°1 (UC1) do PXOM. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representación da CC.PP.URBANIZACIÓN RIO PEGO, con domicilio en Urb. Río Pego- Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar labores de reparación parcial do tellado, sen actuar sobre a estrutura e sen modificar o volume actual, de dous bloques de vivendas, e sellar as galerías e ventás das fachadas da zona oeste, situados en Urb. Aldea do Río Pego- Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LILIANA TACON PEREZ, con domicilio en Lamiño n° 42 – Brión, na que comunica que vai realizar o pintado de tódalas fachadas da vivenda, sita en Lamiño 42- Brión.

A parcela emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto na disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO SANDA OROÑO, con domicilio en Forxán n° 13-Viceso, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha edificación sita no Lugar de Forxán – Viceso, substituíndo as tellas actuais en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella nova, sen incrementar o volume da cuberta.

A parcela con ref. catastral 0274307NH2407S0001EW aséntase sobre un ámbito de solo de núcleo rural (NRO-2) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA BELEN VIDAL BALIÑAS, con domicilio en Avda. de Santa Minia n° 14 - Brión, na que comunica que vai levantar un muro de

peche de aproximadamente 100 metros de lonxitude, con bloques de formigón, similar ao existente pola Avenida de Santa Minia, nunha parcela (ref. cat. 6357813NH2465N0001LU) sita en Avda. de Santa Minia nº 14, coas seguintes características:

- A parte cega terá unha altura máxima de 1m. e por enriba colocárase postes e maia metálica ata unha altura máxima de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.
- En aproximadamente 4 m. é necesario facer a contención de terras cun muro de altura inferior a 1,50 m.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións polo PXOM:

- Parte en solo urbano consolidado, sendo de aplicación a ordenanza nº1 (UC1).
- Parte en solo urbano non consolidado, sendo de aplicación a ordenanza nº5 (UNC2).

O muro realizarase sobre a liña que separa ambas clasificacións e polo tanto no interior da parcela de referencia, deixando fora a parte do solo que ten que participar no proceso de equidistribución de cargas e beneficios.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DOLORES ALVAREZ RODRIGUEZ, con domicilio en Rúa Observatorio nº 5 - 5º D- A Coruña, de solicitude de licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar en Rúa da Pomba nº 1- Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 27.04.2018 e documentación complementaria visada o 31.05.2018 e 15.06.2018.

A parcela ( ref. cat. 6647311NH2464N0001FD) onde se pretenden executar as obras, situase en solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 27.04.2018 e documentación complementaria visada o 31.05.2018 e 15.06.2018.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeados públicos), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para rehabilitación non implica a licenza para actuar sobre o muro de pedra do peche, para o que deberá facer unha nova solicitude de licenza.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a

data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.-VADO PERMANENTE (BAIXA).**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Susana Adelaida Giménez Román, que di actuar no nome de BEBEGAL S.L., con domicilio en Travesía das Galanas nº 25 BX-Teo, na que solicita a baixa da licenza municipal de vado permanente para o servizo dun local emprazado en Avda. de Noia nº 16, parroquia dos Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local o 11/08/2009, con número de licenza: 2009/02.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza a baixa do vado permanente sinalado, debendo dar conta deste acordo á tesourería municipal para ter en conta na confección dos padróns fiscais por esta taxa.

#### **QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González